


AC/BD NO FORUM

2009

Darémolosche o agosto con tres semanas de exposicións: actividades e música con

A Coruña/Banda Deseñada (AC/BD).



luis sendón

UN AGOSTO CHEO DE EXPOSICIÓNS, ACTIVIDADES E MÚSICA CON A CORUÑA / BANDA DESEÑADA (AC/BD)

VIÑETAS ON THE ROAD - DO 3 AO 23 DE AGOSTO

Título que mistura a obra de Jack Kerouac “*On the road*” e o evento comiqueiro “*Viñetas desde o Atlántico*”.

Unha boa forma de achegarse ás mellores obras de banda deseñada con protagonistas que, ademáis de coñecer outros mundos e lugares, fan un percorrido inicial pola súa condición humana.

O Forum Metropolitano convertirase nun bo punto de lectura para os amantes do noveno arte.

MONÓLOGOS NO FORUM - 4, 5 E 6 DE AGOSTO - 21 H.

ENTRADA GRATUITA




4 de agosto - CARLOS BLANCO

Autor, director, actor, monologuista, conta cunha ampla traxectoria teatral e é un dos actores galegos máis coñecidos. Como actor foi durante 3 anos parte do elenco “*Mareas vivas*” e participou en longametraxes como “*O lápis do carpinteiro*” e “*O alquimista impaciente*”. Como autor conta con varios guións escritos para “*Mareas vivas*”. Como monologuista destacamos que foi finalista do concurso “El club de la comedia” 2003 co monólogo titulado “*Guirilandia*”.



5 de agosto - AVELINO GONZÁLEZ

Actor, director e autor teatral comezou a súa carreira na compañía A Farándula (Vigo) ata a súa desaparición. Fundador de Tranvía Teatro e Ollomol Tranvía é un home consolidado no noso panorama escénico. Participou en varias películas e conta con numerosas intervencións en series e programas de televisión. No seu repertorio como contador atoparemos historias verdadeiras e falsas, oídas e inventadas, tenras, graciosas, picantes, subversivas...



6 de agosto - CÁNDIDO PAZÓ

Autor teatral, guionista de televisión e director de escea con numerosos espectáculos estreados, entre os que destacan: *O Merlo branco* (Premio Xeración Nós, 1989), *Ñiqui-Ñaque* (Premio Max ao Mellor Texto Galego, 2002), ou *Bicos con lingua* (Premio María Casares, 2004).

É un dos referentes da nosa cultura, tanto como contador como autor teatral.

II XORNADAS DE ANIME MANGALEGO - 18, 19 E 20 DE AGOSTO (11 A 13 E 16 A 20 H.)

ENTRADA GRATUITA

18 horas de Anime organizadas pola ASOCIACIÓN MANGALEGO.

FORUMRAP - 18 E 19 DE AGOSTO - 20.30 H.

ENTRADA GRATUITA



18 de agosto - AID

Viguesa nacida en 1990, a súa afición a escribir e o seu espírito expresivo fixo que empezara a crear os seus primeiros temas no 2003. En 2004, catro temas en forma de demo son colgados nunha páxina web pasando a ser máis coñecida.

En 2008 colle forma Licor Kafé, un proxecto musical que embarca a 040 (Solemne & Zentinela), Wöyza, Aíd e El Puto Coke na produción. Nese mesmo ano Aid é elixida gañadora do festival Heineken Greenspace en Valencia entre os máis de 1300 grupos presentados e converténdose así na primeira rapeira gañadora e na artista máis nova. En 2009 abandona Licor Kafé e sae á rúa o seu primeiro disco, autoeditado, "*Jugando*".



19 de agosto - WÖYZA

Artista de hip-hop, Soul e R&B crece en Vigo. De raíces uruguayas e sentimento galego, os seus gustos sempre foron moi claros: Bob Marley, Aretha Franklin... foron as súas primeiras influencias, logo viría o rap. En 2002, con 18 anos coñece o que ata hoxe segue sendo o seu produtor musical, El Puto Coke.

Actualmente Wöyza acaba de rematar o seu primeiro disco

"*Pisando el suelo que ves*" que só na primeira semana conseguiu superar a cifra de 10000 descargas na súa web e outros links de webs de hip-hop.

Colaborou nos últimos álbums dos prestixiosos grupos portugueses Mind dá Gap e Dealema e en paralelo á súa carreira en solitario pertence ao grupo galaico-portugués Imperio Norte.

1º FESTIVAL DE BANDA DESGHREÑADA - 20 DE AGOSTO - 20.30 H.

ENTRADA GRATUITA

¿Quén dixo que os ilustradores só sabían pintar? Recibe unha boa descarga de decibelios a cargo de tres dos mellores debuxantes da nosa cidade.

ERROR! + CODIA + SAHARA

CODIA se forma a finais de 2007 na Coruña, con xente doutros grupos da mesma cidade como Nashgul, Blünt, Under the waves ou Potombo para facer unha música influenciada polo punk rock e o hardcore vella escola. A mediados de Xuño entran a gravar o seu primeiro disco, "*Mala hierba nunca muere*".

Os ilustradores coruñeses Álvaro López e Luis Sendón tocan a batería e o baixo respectivamente neste grupo.

Máis info: <http://www.myspace.com/codiacore>

ERROR!, cuarteto de música clásica que ás veces cambiaba as súas frutas e violíns por instrumentos desafinados pero que sempre nos amosan fantásticas sinfonías e revelantes adagios en re menor.

O ilustrador Manel Cráneo forma parte deste grupo.

Máis info: <http://www.myspace.com/errorhcpunk>

SAHARA, tras dar unha serie de concertos por Coruña e o norte de Galicia, os seus 4 compoñentes, amigos e compañeiros de esmorga deciden deixar Overfused a un lado e formar Sahara. O son vólvese máis roqueiro e escuro, con fortes influencias dos 70, do stoner noventero e de todo o que nos ofrece A Coruña e as súas xentes diariamente.

Máis info: <http://www.myspace.com/saharastoner>

E ADEMÁIS

EXPOSICIÓN MONOGRÁFICA DE FOTOGRAFÍA RIBEIRA SACRA DO 24 AO 29 DE AGOSTO

Toda a beleza da nosa terra inmortalizada nesta exposición.

ACODE ALOMENOS A DOUS EVENTOS E NON OLVIDES CUÑAR O TEU PASAPORTE. PARTICIPARÁS NO SORTEO DUN LOTE DE CÓMICS QUE LEVARÁ A CABO A BIBLIOTECA DO FORUM METROPOLITANO.